

Marina Núñez Orjales, Secretaria do Concello de Carballo – A Coruña

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión Ordinaria celebrada en data luns 19 de maio de 2025 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“8.- PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓN PARA A IMPLANTACIÓN DUNHA ÁREA DEPORTIVA NA LAGOA. APROBACIÓN INICIAL.”

ASUNTO: Plan especial de infraestruturas e dotacións (PEID) para a implantación dunha área deportiva na Lagoa. Aprobación Inicial.

EXPEDIENTE: 2024/U035/000001

PROMOTOR: Concello de Carballo

REDACTOR: Alfredo Garrote Pazos, arquitecto xefe do Servizo de Urbanismo e Obras do concello de Carballo

I. ANTECEDENTES:

- Solicitouse á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade o inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada (AAEs) do Plan especial de infraestruturas e dotacións para a implantación dunha área deportiva na Lagoa o 29/11/2024, achegando o borrador e documento ambiental estratéxico (DAE), redactados polo arquitecto xefe do Servizo de Urbanismo e Obras deste Concello, Alfredo Garrote Pazos.

Esta documentación foi emendada o 19/12/2024 achegando as solicitudes e informes das empresas subministradoras, en relación aos servizos existentes no ámbito.

- A Dirección Xeral de Calidade Ambiental o 28/02/2025, núm. de rexistro de entrada 202590000001526, remite o Informe ambiental estratéxico (IAE) do PEID emitido pola directora xeral o 28/02/2025 (Expediente 2024AAE2956).

O IAE foi publicado no Diario Oficial de Galicia núm. 50 do 13 de marzo de 2025.

- O redactor elaborou o 14/05/2025 o documento de aprobación inicial do Plan especial de infraestruturas e dotacións para a implantación dunha área deportiva na Lagoa no que incluíu as condicións indicadas no IAE e nos informes emitidos durante o período de consultas da AAEs (apartado 13 da memoria xustificativa).

- Os servizos técnicos e xurídicos municipais emitiron informe o 15/05/2025, no que se detalla a descrición do PEID, a súa xustificación, o axuste ás determinacións ambientais do IAE, o contido documental e o procedemento para a súa tramitación.

- A secretaria municipal emite nota de conformidade co informe xurídico o día 16/05/2025.

- A proposta do concelleiro delegado da Área de Planificación Urbana, Policía e Mobilidade é de data 16/05/2025.

II. FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS:

II.1. OBXECTO

O obxecto do PEID é establecer unha dotación urbanística de carácter público destinada a sistema xeral de equipamento deportivo na zona da Lagoa, lindeira co límite leste do solo urbano de Carballo, coa finalidade de implantar un novo campo de fútbol e un pavillón multiusos, de acordo ao sinalado no informe de necesidades formulado polo Servizo municipal de deportes.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C

Praza do Concello S/N

Teléfono 981 70 41 00

www.carballo.gal

infocarballo@carballo.gal

15100 CARBALLO- A Coruña



Exp. 2025/G007/000010

A superficie total do ámbito é de 81.551 m² e o seu acceso principal prodúcese pola rúa Vila de Negreira que é un viario estruturante do PXOM, tamén clasificado na Estratexia de Mobilidade do concello de Carballo como integrante da rede principal de acceso ao núcleo.



Emprazamento do ámbito sobre ortofoto do PNOA

II.2. DESCRICIÓN DA SOLUCIÓN PROPOSTA

A solución proposta no PEID responde a unha serie de obxectivos e criterios que se relacionan no apartado 3 da memoria xustificativa do plan especial. En base a eses obxectivos establécense as seguintes zonas:

- **EQ-1/EQ-2.** Nestas zonas que suman 25.356,35 m² que supón o 31,09% do total do ámbito é onde se emprazarán as instalacións deportivas.
- **ZV/EL-1.** Esta área, que quedará en estado natural, ten unha superficie de 37.751,45 m² e que supón unha porcentaxe do 46,29% do ámbito total do plan, destinarase á actividade deportiva programada con sendas peonís e pequenas explanadas para a práctica de deporte afeccionado.
- **PZ/EL-2.** Trátase dun espazo libre de carácter urbano proxectado como praza pública e que conta cunha superficie total de 7.735,65 m², supoñendo un 9,49% do total.
- **AP-1/AP-2/AP-3.** Estas zonas están destinadas a estacionamento públicos, suman un total de 7.962,80 m² e contan cunha capacidade para 334 vehículos. Teñen unha dobre finalidade: servir ás novas instalacións e como aparcadoiros disuasorios ou de proximidade pola súa situación inmediata ao centro administrativo e comercial da Vila de Carballo.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C

Praza do Concello S/N

Teléfono 981 70 41 00

www.carballo.gal

infocarballo@carballo.gal

15100 CARBALLO- A Coruña



Exp. 2025/G007/000010

- **VIARIO.** O resto da superficie do ámbito, 2.744,75 m², está destinada a regularizar as vías existentes. Completar a rúa Vila de Negreira cunha senda peonil e carril bici, dar continuidade á rúa Álvarez de Sotomaior e conectar coas rúas Lagoa e Bosque.



Ordenación proposta no PEID

II.3. TIPO DE SOLO E CONDICIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS DE APLICACIÓN

- Os terreos do ámbito de actuación están clasificados como solo rústico polo Plan xeral de ordenación municipal de Carballo (PXOM), aprobado por Orde do 4 de febreiro de 2016 da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (DOG, núm. 39 do 26 de febreiro de 2016 e BOP, núm. 38, do 26 de febreiro de 2016).

- Segundo a disposición transitoria primeira 1.d) en relación cos artigos 33 e 34 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), as categorías de solo rústico aplicables no ámbito do plan especial son: a de solo rústico de especial protección de infraestruturas (SRPI) que afecta minimamente á zona nordeste do ámbito, e a de protección ordinaria (SRPO) no resto.

Conforme co disposto nos artigos 35.1.p) e 36.4 da LSG, o uso proxectado é admisible en solo rústico pero require da aprobación dun PEID. Debido ás categorías de solo rústico que corresponden a estes terreos non é preciso a autorización ou informe favorable de ningún órgano sectorial.

- Os servizos técnicos e xurídicos municipais no seu informe do 15/05/2025 analizan con detalle o documento do PEID, en canto ao cumprimento das condicións de uso, de edificación e da lexislación urbanística e sectorial de aplicación.

No mesmo informe, compróbase que este documento se axusta ás normas técnicas de planeamento (NNTTPP) e que está composto do seguinte:

01.MX		Memoria xustificativa
	15019_PEID_202505_AI_MX_01INF	Memoria informativa
	15019_PEID_202505_AI_MX_02XUS	Memoria xustificativa
	15019_PEID_202505_AI_MX_03.2ANX_MOB	Anexo de mobilidade
02.PINF		Planos de información xeral
	15019_PEID_202505_AI_PINF_01SIT	Situación.
	15019_PEID_202505_AI_PINF_02EMP	Emprazamento. Ámbito de actuación.
	15019_PEID_202505_AI_PINF_03CAT	Parcelario catastral.
	15019_PEID_202505_AI_PINF_04USOS	Usos do solo. Estado actual
	15019_PEID_202505_AI_PINF_05HIP	Mapa hipsométrico e mapa de pendentes.
	15019_PEID_202505_AI_PINF_06.1TOPO	Estado actual. Topográfico.
	15019_PEID_202505_AI_PINF_06.2PER	Estado actual. Perfís.
	15019_PEID_202505_AI_PINF_07PLAN	Planeamento urbanístico.
	15019_PEID_202505_AI_PINF_08MOB	Accesibilidade e mobilidade.
	15019_PEID_202505_AI_PINF_09.1INF_ABAS	Infraestruturas de servizos. Abastecemento
	15019_PEID_202505_AI_PINF_09.2INF_SAN	Infraestruturas de servizos. Saneamento
	15019_PEID_202505_AI_PINF_09.3INF_ELE	Infraestruturas de servizos. Electricidade.
	15019_PEID_202505_AI_PINF_09.4INF_GAS	Infraestruturas de servizos. Gas.
	15019_PEID_202505_AI_PINF_09.5INF_TELE	Infraestruturas de servizos. Telecomunicacións.
	15019_PEID_202505_AI_PINF_10ALS	Afeccións da lexislación sectorial.
	15019_PEID_202505_AI_PINF_11PAI	Paisaxe.
	15019_PEID_202505_AI_PINF_12.1FOT	Reportaxe fotográfica.
	15019_PEID_202505_AI_PINF_12.2FOT	Reportaxe fotográfica.
	15019_PEID_202505_AI_PINF_12.3FOT	Reportaxe fotográfica.
03.POR D		Planos de ordenación urbanística
	15019_PEID_202505_AI_PORD_01ORD	Ordenación proposta
	15019_PEID_202505_AI_PORD_02ORDCON	Ordenación proposta. Relación coa contorna.
	15019_PEID_202505_AI_PORD_03PER	Ordenación proposta perfís transversais.
	15019_PEID_202505_AI_PORD_04USOS	Uso global proposto no PEID.
	15019_PEID_202505_AI_PORD_05ZON	Zonificación. Usos pormenorizados.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C

Praza do Concello S/N

Teléfono 981 70 41 00

www.carballo.gal

infocarballo@carballo.gal

15100 CARBALLO- A Coruña



Exp. 2025/G007/000010

	15019_PEID_202505_AI_PORD_06PLAN	Ordenación urbanística sobre o PXOM.
	15019_PEID_202505_AI_PORD_07.0MOB	Mobilidade e accesibilidade. Actualización da Estratexia de mellora e xestión do espazo público e da mobilidade no Concello de Carballo.
	15019_PEID_202505_AI_PORD_07.1MOB_MED_CO M	Medidas complementarias do PEID.
	15019_PEID_202505_AI_PORD_08ZACUS	Zonificación acústica.
	15019_PEID_202505_AI_PORD_09.1SERV_ABAS	Infraestruturas de servizos. Abastecemento.
	15019_PEID_202505_AI_PORD_09.2SERV_SAN	Infraestruturas de servizos. Saneamento.
	15019_PEID_202505_AI_PORD_09.2SERV_PLU	Infraestruturas de servizos. Pluviais.
	15019_PEID_202505_AI_PORD_09.3SERV_ELE	Infraestruturas de servizos. Electricidade.
	15019_PEID_202505_AI_PORD_09.4SERV_GAS	Infraestruturas de servizos. Gas.
	15019_PEID_202505_AI_PORD_09.5SERV_TELE	Infraestruturas de servizos. Telecomunicacións.
04.NU		Normas urbanísticas.
	15019_PEID_202505_AI_NU_01NU	Normas urbanísticas.
05.CAT		Catálogo
	15019_PEID_202505_AI_CAT_NP	Catálogo. Xustificación innecesariedade
06.EE		Estudo económico e memoria de viabilidade económica
	15019_PEID_202505_AI_EE_01EE	Estudo económico.
	15019_PEID_202505_AI_EE_02MVE_NP	Memoria de viabilidade económica. Xustificación innecesariedade.
07.AAE		Avaliación ambiental estratéxica
	15019_PEID_202411_B_AAE_01DAE	Documento ambiental estratéxica.
	15019_PEID_202411_B_AAE_01OBX	Obxectivos da ordenación.
	15019_PEID_202411_B_AAE_02ALT01	Alternativa 1.
	15019_PEID_202411_B_AAE_03ALT02	Alternativa 2.
	15019_PEID_202411_B_AAE_04ALT03	Alternativa 3. Elixida.
	15019_PEID_202505_AI_AAE_05IAE	Informe de avaliación estratéxica.

- A tramitación que procede nesta fase conforme ao disposto nos artigos 75 da LSG e 186 do RLSG é a aprobación inicial do PEID e o trámite de información pública.

II.4. ÓRGANO COMPETENTE

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C

Praza do Concello S/N

Teléfono 981 70 41 00

www.carballo.gal

infocarballo@carballo.gal

15100 CARBALLO- A Coruña



Exp. 2025/G007/000010

Os plans especiais encádranse na LSG como instrumentos de planeamento de desenvolvemento dos plans xerais de ordenación municipal. A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece no artigo 21.1.j), como atribución do alcalde, a aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

En consecuencia, a competencia para a aprobación inicial e provisional está atribuída legalmente ao alcalde e a aprobación definitiva, que pon fin á tramitación municipal, está expresamente atribuída ao Pleno do Concello.

En virtude da resolución da Alcaldía número 632/2025 do 26 de febreiro sobre revogación e delegación de competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno Local, a aprobación inicial do plan especial corresponde á Xunta de Goberno Local, por ter delegadas -entre outras- as atribucións referidas ás aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non atribuídas expresamente ao Pleno.

Logo de ver o exposto xunto co informe do servizos técnicos e xurídicos municipais do 15/05/2025, e vista a proposta da concellaría delegada competente, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 632/2025, do 26 de febreiro (BOP nº 46 de 10/03/2025), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o «Plan especial de infraestruturas e dotacións para a implantación dunha área deportiva na Lagoa», segundo a documentación técnica asinada o 14 de maio de 2025 polo arquitecto xefe de Servizo de Urbanismo e Obras deste Concello, Alfredo Garrote Pazos.

Segundo.- Someter o expediente a información pública por un prazo de dous meses mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior circulación na provincia. Durante o dito prazo os interesados poderán formular cantas alegacións teñan por conveniente. Así mesmo, notificaráselles individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados que figuran na relación do punto 5 da memoria xustificativa do PEID.

Terceiro.- Solicitar informes sectoriais aos seguintes organismos:

ADMINISTRACIÓN DO ESTADO.

Informe da Delegación do Goberno conforme ao establecido na Disposición adicional segunda da Lei 13/2003, do 2 de maio, reguladora do contrato de concesión de obras públicas, art. 5 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, art. 5 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, e art. 68 do RD 1434/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de gas natural.

Informe da Secretaría de Estado de Telecomunicaciones e Infraestructuras Digitales, segundo o disposto no art. 35 da Lei 9/2014, do 9 de maio, de telecomunicacións.

ADMINISTRACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA.

Informe en materia de minas do Departamento Territorial da Coruña da Consellería de Economía e Industria, en base ao disposto no art. 14 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia.

Informe de Augas de Galicia en base ao disposto no artigo 39.1 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.

Informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, conforme ao previsto no artigo 34.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia."

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C

Praza do Concello S/N

Teléfono 981 70 41 00

www.carballo.gal

infocarballo@carballo.gal

15100 CARBALLO- A Coruña



Exp. 2025/G007/000010

E para que conste, aos efectos oportunos, expido este certificado coa reserva establecida no art. 206 do ROF, de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, no Concello de Carballo, asinado dixitalmente na data que figura a marxe.

V. e Pr.

O alcalde